



A FAMILIA

No gráfico temos unha fotografía da familia López: Juan é o avó, os fillos de Bella e José son: Pablo que vai á gardería, Pepe que está estudando 3º da E.S.O., Alicia que estuda medicina e Luís.



- a) Quén está representado por cada un dos puntos do diagrama da dereita?
- b) É apropiada a escala empregada? Razoa a resposta. (Realiza as hipótesis que consideres oportunas)
- c) Realiza unha representación de toda a túa familia donde representes no eixo horizontal a idade e no eixo vertical a altura de cada un deles.

BOTES DE REFRESCOS

O número de botes de refrescos vendidos a través dunha máquina nunha estación de cercanías ven representado pola seguinte táboa.

Hora do día	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16
Botes de refrescos	33	34	21	13	4	7	10	2	5	2

- A. Fai unha representación gráfica.
- B. Cal é a hora de maior consumo?
- C. Cantos se consumiron ata as 11 h.?
- D. Si a capacidade da máquina é de 100 botes, ¿a qué hora se rellenou?
- E. Pode representar unha situación real esta táboa? Por qué?
- F. Realiza outra táboa supoñendo que a máquina se coloca no patio do teu centro.


ESTUDAR INGLES

Cando empecei a estudar inglés, o primeiro mes non me enteraba de nada. Os tres meses seguintes ilusioneime porque aprendía moi rápido. A ilusión decaiu un pouco o cuarto e o quinto mes porque xa non o vía claro. Os tres últimos meses do curso parecíame que non avanzaba apenas.

Representa a evolución da aprendizaxe a o longo dos meses do curso.

PASEO DE DOUS AMIGOS

Rafa e Alicia son compañeiros de clase e quedan un día para sair. Rafa sae da súa casa e recolle a Alicia, que tarda un pouco en baixar. Despois dan un paseo e séntanse nunha cafetería a tomar un refresco. Aa regreso achéganse á casa dunhos compañeiros a recoller uns apuntes de Matemáticas e alí entretéñense un intre. Logo regresan a casa. A gráfica do paseo ven aquí representada.



RESPONDE:

1. Qué variables se relacionan?
2. Cál é a variable dependente e a variable independente?
3. Cánto dista a casa de Alicia da de Rafa?
4. Cánto tempo esperou Rafa a que baixara Alicia?
5. Cánto tempo tardaron en chegar á cafetería?
6. A qué hora saíron da cafetería?
7. A qué hora voltaron á casa ?
8. Cánto tempo pasearon os dous xuntos?
9. Cándo pasearon máis rápido: da cafetería á casa dos seus amigos ou desta ao final do paseo? Por qué?

Dada a gráfica

1. Qué magnitudes se relacionan?
2. Cál é a graduación horizontal?
3. E a vertical?
4. En qué ano é máis alta a tasa de mortalidade?
5. Qué senso ten unir os puntos?
6. Qué tanto por mil de mortalidade hai en 1900?
7. Qué ocorre dende 1943 a 1963 aproximadamente?
8. En qué ano é máis baixa a tasa de mortalidade?
9. Fai un comentario sobre a gráfica.
10. Qué outros datos pódense extraer da gráfica?

